



Editorial _____

Na historia de SARELA esta data o igual que outras é para sinalar como un día importante, xa que logramos artellar ferramentas que intentan mellorar a comunicación entre os que formamos a organización. Profesionais, persoas afectadas por DCA (Dano Cerebral Adquirido), xunta directiva e a sociedade en xeral.

Neste primeiro boletín informativo queremos transmitir quen somos, que facemos e cales son os nosos obxectivos dando unha información xenérica da nosa asociación para que todos poidamos ter unha visión global dela.

Pola nosa parte poñeremos todo noso empeño e esforzo para que este boletín teña unha periodicidade cuatrimestral e nos permita afondar no día a día da asociación falando de actividades, novas, logros, etc

Tamén incluiremos nos vindeiros números un espazo aberto onde se recollan as achegas dos lectores (socios/as, afectados/as, persoal, etc) xa que consideramos que para mellorar día a día é imprescindible o traballo en equipo e a vosa colaboración. Así que esperamos que participedes facendonos chegar vosa opinión e colaborades con nós na difusión deste proxecto.

Equipo Profesional de Sarela

Carta do Presidente

Hoxe é un día moi importante para todos nós, xa que nace un novo instrumento que de seguro vai a mellorar a comunicación entre as persoas que formamos SARELA e a comunidade.

Poñemos tódalas nosas ilusións para que este novo vehículo sexa un espazo onde todos poidamos facer reflexións e aportacións nas que apoiarnos para poder mellorar o noso traballo e ofertar unha mellor atención o colectivo que representamos.

Aproveito a ocasión para mostrar o máis sincero agradecemento a todas as persoas e entidades que colaboran con nós (socios, traballadores, administración, voluntarios, ...) ano tras ano.

José Balboa Ayán

Presidente de SARELA.

¿Quen Somos? _____

SARELA é unha asociación sin ánimo de lucro que acolle a persoas afectadas por Dano Cerebral (Traumatismos Craneoencefálicos, Accidentes Cerebrovasculares e outros danos accidentais) familiares e persoas sensibilizadas.

Coa súa actividade pretende dar resposta as necesidades das persoas afectadas por DCA e as súas familias intentando orientar e cubrir as súas necesidades.

Para isto según o artigo 2 dos nosos estatutos, procurará entre outros:

“O coidado, a asistencia e protección dos afectados/as”

“A reivindicación en nome dos afectados dos dereitos destes perante tódalas institucións públicas e privadas”

“A tutela xurídica”

“A acollida, orientación e información ás familias cara un mellor benestar das persoas afectadas/os por DCA”

“A creación de servizos destinados a cubrir as necesidades existentes en tódalas áreas da vida do afectado/a”

...

Recordando a nosa Historia _____

Os primeiros catro anos

2000 Constitúese Sarela, Asociación de Dano Cerebral de Compostela, sendo nomeado como presidente José Balboa Ayán.

2001 Realízase un estudo de necesidades coas familias xa asociadas, a través dunha enquisa e visita no propio domicilio. Comézase con 53 persoas asociadas.

2002 Alúgase local nas Cancelas e acondiciónase para a creación neste mesmo ano do Centro de Atención e Rehabilitación de Dano Cerebral Sarela. Ó acto de inauguración virán entre outros o Conselleiro de Sanidade, J.M Hernández Cochón, representantes do Goberno local, entre eles, Mar Bernal, Concelleira de Servizos Sociais, Néstor Rego, Manolo Portas, ...familiares, veciños e colaboradores de Sarela.

Cooperación ca Agrupación Baixo Ulla realizando 3 charlas-coloquio no Programa de Prevención de Accidentes de Tráfico.

Incorporación ó Consello Municipal de Servizos Sociais.

2003 Ponse en marcha a Atención ás persoas afectadas e familiares, con tratamentos rehabilitadores e Grupos de Autoaxuda.

Os profesionais asisten a diferentes eventos sobre a Discapacidade ó longo de todo o ano e a Xunta Directiva mantén entrevistas con varios representantes institucionais.

O Equipo Profesional de Sarela presenta unha comunicación no II Congreso Español de Dano Cerebral Adquirido, celebrado en Madrid o 28 e 29 de novembro, e co título: “El Equipo Rehabilitador en Dano Cerebral y la Atención al Duelo”.

...continuará nos próximos boletíns

Os nosos servizos

Centro de día de atención especializada sarela

- Destinado a persoas afectadas por Dano Cerebral Adquirido que rematado a fase rehabilitadora precisan dunhas actividades de mantemento e de estimulación fora do seu domicilio.
- O obxectivo é mantelas capacidades funcionais da persoa afectada, tendo o maior grado de autonomía o maior tempo posible. Ó mesmo tempo que tamén se lle facilita a integración social os familiares poden retomar actividades propias, incluso as laborais, ou cando menos, descansar.
- Horario: Polo momento é de luns a venres de 10 a 14 horas, aínda que se está a traballar para ampliar ás tardes.
- Programa de Actividades: Estimulación Cognitiva, Informática, Periodismo, TACOA (Taller de Coidado de Animales), Piscina,

Golf, Ioga, Manualidades.

- Inclúe Servizo de Transporte Adaptado, 9 prazas.
- Capacidade máxima autorizada: 12 prazas.

Centro de atención e rehabilitación

- Tratamento rehabilitador integral, adoptando unha perspectiva interdisciplinar e múltiple, abordando as distintas alteracións, físicas, cognitivas, emocionais e psicosociais, cunha participación conxunta e coordinada do equipo, constituído por:
 - Fisioterapeuta
 - Logopeda
 - Psicóloga/Neuropsicóloga
 - Terapeuta Ocupacional
 - Psiquiatra
 - Traballo Social



O Que Facemos

Orientación e apoio ás familias

Á familia é unha parte fundamental no proceso de recuperación e integración da persoa afectada. É imprescindible que as familias teñan á súa disposición un profesional que os informe e oriente acerca do Dano Cerebral Adquirido (DCA), así como dos recursos existentes e a adecuada xestión dos que dispoñen individualmente. Para iso é necesario que a implicación e a participación no movemento asociativo.



A calidade de vida da persoa afectada por DCA vai depender en gran medida da calidade de vida da súa familia.

Sensibilización e divulgación

Creemos que é imprescindible que a sociedade coñeza a realidade do colectivo que representa

Sarela. Por unha banda para intentar previr, sensibilizar e concienciar acerca do DCA e por outra para conseguir ter maior apoio e colaboración tanto da sociedade como das institucións públicas e privadas que a forman. Para iso impartimos charlas, conferencias e visitamos diferentes institucións e organismos (asociacións, colexios, autoescolas). Organizamos anualmente un Concurso de Debuxo e Contos para escolares, e dous Mercadiños na Praza do Toural e en Área Central.

Respiro Familiar

Somos conscientes da sobrecarga que xenera o ter que coidar a un familiar afectado por DCA. Nalgúns casos, debido á xuventude da persoa afectada isto prolongarase durante un longo período de tempo. Sabemos da falla de recursos (lugares de ocio adaptados, dificultades de acceso nas zonas rurais, falla de axudas económicas,...) que existe para os vossos familiares e para vos mesmos. Provoca que ambos non poidades disfrutar do ocio como o resto das familias e que, practicamente, as relacións sociais se reduzan á inexistencia.

Isto xenera unha sobrecarga mutua (familia-persoa afectada) que ás veces leva a que as relacións familiares se compliquen, dificultando a convivencia.

Somos membro de

- **FEDACE**

Federación española de Dano Cerebral Adquirido que agrupa actualmente 24 asociacións de familiares e afectados por DCA.

Fundadora da Confederación Europea de Afectados e Familiares de Dano Cerebral (BIF) formada por 14 países.

- **FEGADACE**

Federación Galega de Dano Cerebral, constitución en trámite.

- **Consello de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela**